


# ÍNDICE



EDITORIAL .....	2
APTC-CH?.....	3
X. M° ÁLVAREZ BLAZQUEZ.....	5
HABÍA UNHA VEZ.....	7
NOVAS.....	10
CELEBRACIÓNS.....	12
ACTIVIDADES VARIAS.....	21
PREMIOS.....	28
DEPORTES.....	29
SAÍDAS.....	30
PROXECTOS.....	33
HANDCRAFT TIME.....	35

*“A trabe”-sía*


# EDITORIAL

*Aquí estamos por segundo ano consecutivo traéndo-vos o mellor de nós mesmos, o noso traballo.*

*Esta non é máis ca quinda que coroa o pastel que fomos cociñando durante todo un curso, pero qué pastel! Esperamos que saboreedes cada ingrediente, cada cor e sabor, porque foi un traballo laborioso, pero que disfrutamos en cada momento.*

*Só esperamos que disfrutedes del tanto, coma nós na súa elaboración.*

*Estades invitados!*



*“A trabe”-sía*

# APTCC-CH?

## FLAN

### INGREDIENTES:

- 6 ovos
- 1 bote pequeno de leite condensado
- leite, medido polo bote de leite condensado
- azucres

### PREPARACIÓN

Mesturar todos os ingredientes nun recipiente previamente cuberto con caramelo elaborado



co azucres e auga, e cocinar a baño María.

Estará listo en canto comprobemos que ao introducir un palillo no flan, sae limpo

*“A trabe”-sía*



# BIZCOITO

## INGREDIENTES

- 3 ovos
- 1 iogur natural (o vaso servirá de medidor do resto dos ingredientes)
- 3 medidas de fariña,
- 1 medida de aceite
- 2 medidas de azucre
- 1 sobre de Royal
- raspa de limón



## PREPARACIÓN

Mesturar todos os ingredientes e poñelos nun recipiente untado en mantequilla, e poñer a baño María. Estará listo cando comprobemos que o palillo sae limpo





*“A trabe”-sía*



# Día das Letra Galegas 2008





Naceu en Tui o 4 de febreiro de 1915  
 No 1930, publica os seus primeiros poemas en xornais de Pontevedra e Tui. Estudia Magisterio, tamén estudou Filosofía e Letras  
 Publicou en vida tres libros de versos: Poemas de ti e de min (1949), xunto co seu irmán Emilio, "Roseira do teu mencer (1950) e Canle segredo (1951).



“A trabe”-sía


XOSÉ  
 MARIA  
 ALVAREZ  
 BLÁZQUEZ

# O noso traballo!



**Todos os nenos e nenas do cole fixemos moitas actividades relacionadas co escritor homenaxeado este ano nas Letras Galegas, e os nenos e nenas de 1º debuxamos algúns dos seus poemas, e fixemos un libro colectivo que quedou precioso, non si?**

*“A trabe”-sía*



## “A trabe”-sía

# A fábrica de gominolas

Érase unha vez unha fábrica de gominolas que parecía ser máxica. O seu dono tamén o dicía, pero a xente do pobo non o cría. Lorenzo, como así se chamaba o dono, estaba asombrado porque nunca vira nada igual. Era increíble!

As cocacolas, fresas, moras de gominolas andaban movéndose dun lado a outro. Estaban vivas!

Un día, Lorenzo díxolles aos seus mellores amigos:

-É verdade. As gominolas andan e móvense. Tédesme que crer! É certo!

-Non é verdade. Estás tendo alucinacións.-Díxolle Paco, o seu amigo

-Que? Que son alucinacións miñas? Non, non, non. Vén un día á miña fábrica e comprobarás que é verdade.- respondeulle Lorenzo.

Un día foi unha profesora de visita á fábrica de gominolas cos seus alumnos. Ían 17 alumnos de 4º de Primaria. Cando entraron na fábrica, dixeron todos á vez:

-Caramba, que grande é isto!!!

-Agora é o momento de ensinarvos a fábrica.Vide por aquí.-díxolle Lorenzo. Aquí é onde se fan as gominolas, e despois aí ao lado é onde se envasan.

Explicáballes Lorenzo aos nenos e nenas o proceso de cómo se fan as gominolas.

-E hai moitas máis cousas, pero díxome a vosa profesora Ana que vos tedes que ir. Adeus a todos!- despediuse Lorenzo.

Despois viñeron os amigos de Lorenzo, Pepe e Paco.

-Ola Lorenzo!- dixeron os dous.-Lévanos a onde están as gominolas que se moven.

-Vide por aquí.-dixo Lorenzo

Despois foi Lorenzo e ensinoulles as gominolas aos seus amigos. Pero berráronlle os dous:

-Es un mentireiro,non se moven!

-Debe ser un erro!-dixo Lorenzo.

-Adeus!-dixeron Paco e Pepe algo anoxados

-Ata logo-dixo Lorenzo desanimado

E quedou moi decepcionado coas gominolas. Pero de repente, cando Pepe e Paco estaban case saíndo pola porta, as gominolas empezaron a moverse. Entón, Lorenzo moi alternado, berroulles:

-Detédevos! Estanse movendo,mirade!

-Tes razón, si que se moven! Perdóanos Lorenzo non crerte- pediron Paco e Pepe

-Estades perdoados, pero tédesme que facer un favor: que este segredo non saía de entre nós, e hoxe á noite cear á miña casa.-pediulles Lorenzo aos seus amigos

-Vale!- contestaron os dous

-Podedes traer á vosa familia.-sorría Lorenzo moi contento

-Ata a noite!- respostoulles Lorenzo, que dende aquel día compartiu o seu segredo cos seus mellores amigos

# Había unha vez...





# O HOME GOLFIÑO



Hai moitos anos, tralos montes Urivales, e ao lado do río Chinchín, atopábase a aldea La Uva. Non vivían moitos veciños, pero eran todos moi amigos e pasaban moi bos momentos.

Había un home que soñaba coa inmensidade do mar, debía ser porque esa aldea estaba moi alonxada do mar.

Había días felices con paseos polos xardíns e risas cos servintes, entón os amigos dicían:

-Olla como se ri, olla qué contento está, debe estar acordándose do mar.

E pola contra, había días moi tristes, de melancolía, pena, tristeza.

-Olla que triste está, seguro que está acordándose do mar. -dicían os seu amigos

Un día, á hora da merenda, chegou ó pazo un trasno porque este home era un rei, e díxolle:


-Señor, non soñe máis, só así poñerá fin á súa tristura

-Pero teño medo que se me acaba tamén a alegría- dixo o rei

-Por que non planea unha viaxe e vai visitalo mar? Alteza- propúxolle o trasno

O rei non o pensou dúas veces, falou co seu curmán para que se fixera cargo do seu reino durante a súa ausencia, ordenou que cepillaran o seu cabalo, ensillouno, montouno e seguindo o curso de río Chinchín, perdeuse tralos montes Urivales.

Despois de dous días cabalgando sen parar, atopou o ansiado mar.



*“A trabe”-sía*

Alí pasaba os días sentado na beira do mar, mollando as mans, chapoteando cos pés na auga, falando cos peixes...

Como a coroa lle estorbaba, regaloulle a unha anquiá xoquetona.

Con restos de palmeiras e cañas conseguiu facer unha pequena cabana e unha canoa.

Na canoa pasaba as tardes, na mar en calma, sen perder de vista a praia onde estaba o seu cabalo, preto da súa cabana

Un día, de súpeto o mar púxose bravo, con ondas xigantes e parecía verse ao lonxe, saltar golfinhos. O noso rei asustouse un pouco porque en tanto tempo que slí levaba nunca nada de iso vira.

Do medio dunha onda xigante saltou á praia un peixe con barbas brancas acompañado por dúas sereas e varios peixes de diferentes tamaños

-Quen é vostede e que vén facer aquí?-preguntou o rei

-Eu son Neptuno- contestou aquel peixe tan raro- e veño convidalo a vostede e máis ó seu cabalo a que veñan a vivir con todos nós ao fondo do mar

Ó rei sorpredeulle a invitación pero no o dubidou

De súpeto , Neptuno cruzou os dedos e o rei converteuse en golfinho e o cabalo nun fermosísimo cabalo de mar

Entraron na auga, e estaba tan contento que comezou a rir

-Os habitantes do mar non rimos, iso é cousa de homes- dixo Neptuno

Pero xa era tarde, todos os peixes do mar intentaban imitalo e... xa sabía rir.

Rubén García Rolle

6º Primaria

*“A trabe”-sía*

# NOVAS

*Xa sabedes, cada ano temos novas que contar, e este curso non había ser distinto. Tivemos xente nova, tanto nenos e nenas coma profes.*

*Por aquí tivemos a Lupe, unha profe que veu para substituír a Libia, a titora de 6º, que tivo problemas de saúde, pero que volveu nos ter para o curso que vén. Tamén estivo Ana Mª, que veu para dar inglés en Ed.. Infantil e 1º de Primaria; ah, tamén deu outras asignaturas: Coñecemento, apoio,... Na aula dos peques estivo Mar, que tamén pasou con nós todo o curso. E máis caras novas: Ermi a profe que axudou aos nenos que o necesitaron, e tamén Moncho, o orientador. Xa vedes!*

*Sabedes? Temos novas que acollemos con gran entusiasmo tamén, o vindeiro curso teremos unha aula exclusiva para os nenos e nenas de 3 anos e máis caras novas en Primaria, porque vén un profe novo e outra profe para Ed.. Infantil, pero iso xa volo contaremos... Por outra banda temos que despedir a dúas das profes que formaron parte da nosa familia durante moito tempo, estamos algo tristes, pero non por elas, que seguro que a onde van as van a acoller con tanto cariño coma nós, senón por nós, porque as imos botar moi en falta. Ata sempre!, Laura e Meli.*

*“A trabe”-sía*



## Seccións bilingües



### A nova web do cole

Este ano empezamos unha nova experiencia, unha Sección Bilingüe co grupo de 3º de Primaria. Consiste en utilizar o inglés nunha área diferente, neste caso foi en Plástica. O vindeiro curso teremos dúas, en 3º e en 4º de Primaria

Temos Web nova no cole, a dirección é a mesma pero o resto é de paquete, tanto, que aínda non está ao día. Paciencia!

## Camiseta co novo logo

Fíxose o deseño dun logo para serigrafiar as camisetas do cole. Practicamente tod@s temos unha. Se todavía non tes a túa, date présa, que se acaban!



“A trabe”-sía



# CELEBRACIÓNS

## MAGOSTO

Este é un dos nosos apartados favoritos porque nos recorda o ben que o pasamos aprendendo tamén fóra da aula.

Unha das primeiras saídas do curso é o Magosto. Alá fomos os grupos de 1º ciclo a apañar castañas, e cada grupo confeccionamos os nosos gorros, cestas,... para saír ao patio a comelas o máis guapos posible. Incluso fixemos bonecas con castañas e con plastilina. Tamén aproveitamos que estabamos en outono para celebrar o Thanksgiving Day. Vistes que montón de cousas fixemos?



*“A trabe”-sía*





# MAGOSTO



*“A trabe”-sía*



# NADAL

No Festival de Nadal tivemos moitas actuacións, porque participamos todos e todas. Os nenos e nenas de Infantil



foron bonecos de neve cantando unha canción, e os de 1º Ciclo foron pastores e tamén renos de nariz vermella, como Rudolph.

Os de 3º de Primaria fomos animais na granxa do vello McDonald e



ademais tocamos unha peza instrumental.



*“A trabe”-sía*

# Festival =

Os de 4º foron "14 in a bed" e cantaron unha panscolina



Os de 5º e 6º fixeron de todo un pouco: os de 6º bailaron, unha canción de moda e os de 5º tocaron unha panscolina e representaron O bosque animado e A lebre



*A trabe"-sía*



# ENTRADO



*Este ano fomos outra vez a desfilar por Viveiro pero nesta ocasión fomos contos infantís: Ed. Infantil fomos case 101 dálmatas; os de 1º Ciclo fomos parruliños, pero non feos; os de 2º Ciclo fomos barallas de visita no marabilloso país de Alicia, e os de 3º Ciclo seguimos a melodía do frautista en Hamelin. Pasámolo en grande!.*

*“A trabe”-sía*

# Contos infantís




*“A trabe”-sía*





# HALLOWEEN



Fixemos postais terroríficas, cada grupo unha distinta



E tamén decoramos o cole



# Easter



A trabe -sia



# Día da Paz

Ed. Infantil



2º de Primaria



Tamén celebramos o Día da Paz facendo moitas actividades na aula e algún mural que expuxemos na entrada

# Semana do Libro



1º de Primaria





Os nenos e nenas de Ed. Infantil fixeron un mural enorme

Fixemos moitos traballos e actividades nas aulas e incluso participamos con diversos traballos nunha exposición común con outros coles, baixo un tema común, O Mar, que logo visitamos nos claustros da igrexa de S. Francisco, había cousas moi chulas, botádelle unha ollada ás fotos e veredes.







*“A trabe”-sía*

# O Mar




2º e 3º Ciclo fixeron unha recompilación clasificada das artes de pesca e de contos relacionados co mar



Os de 1º fixemos móbiles e un mural dunha serea

Os de 3º fixemos un enorme poste con peixes en papiroflexia e contos mariños



“A trabe”-sía



# KING ARTHUR



*Este día desprazámonos os grupos de 4º, 5º e 6º de Primaria xunto con outros colexios, ao auditorio da Fábrica de Sargadelos para ver unha versión moi divertida da lenda de King Arthur. A obra era en inglés, e pasámolo en grande, rindo, cantando e ... tamén fomos parte da historia, porque fomos actores por un día.*



*Tivemos dúas sesións de contacontos este ano, unha para Infantil e 1º Ciclo, de Kalandrağa e outra no Teatro Pastor Díaz para conmemorar o Día da Muller Traballadora, á que só fomos o grupo de 3º de Primaria; aquí tamén puxemos o noso gran de area subindo ao escenario*

*“A trabe”-sía*

NOZOCATZOC


ACTIVIDADES EXTRA

# Os nosos traballos

## Ed. INFANTIL Debuxamos historias



Así vimos a visita  
a Marcelle



“A trabe”-sía







# Normalización

Este ano tamén fixemos actividades relacionadas directamente co fomento do emprego do galego.

Nunha xuntanza entre profes da Mariña acordaron varios traballos comúns, entre eles: apadriñar palabras que xa non se usen moito e facer postais para intercambiar con outros coles e a nós tocounos o cole de Vicedo. Mirade o que fixemos!




2º Ciclo



3º Ciclo




1º Ciclo




# "Unha viaxe a Marcelle"

Un día de xuño, os nenos e nenas de 1º foron de excursión a unha reserva de animais chamada Marcelle.



Unha rapaza levounos ver os animais. Cando

estaban vendo os lémures, ocorreu algo moi



estranho. Os

nenos oiron unha voz que saía dunha poza. Os lémures, moi asustados, saltaron por encima do valado.



Sabedes a onde foron parar?

Pois chegaron onde estaban os burros. Estes empezaron a trotar e correr a toda mecha. Un lemur saltou ao colo dun neno chamado Antón e empezou a lambelhe a cara. O neno pensou en... levalo á súa casa!






Nisto, os demais lémures

tamén saltaron cara aos nenos.

Todos alí,

menos Antón que foi onda os canguros e gardou o seu amigo na bolsa de Chipi. A canguira





# “A trabe”-sía

máis forte.

Pensaba en recollelo cando marchara para a casa.


Cando chegou a hora de marchar, o lemur seguiu ao neno e quixo gardarse na súa mochila. Nese momento, Irene, a monitora, deuse conta de que faltaba Rex, o lemur máis novo. Antón preguntoulle se o podía levar con el, á súa casa. Ela díxolle, en voz baixa que si.

Desde aquel día, no cole de Galdo hai unha mascota chamada Rex..

A todo isto, a voz que tivo a culpa de todo este lío, era a da famosa pantasma de Marcelle, por todos coñecida polo nome de Enico



E coas castañas que recolleemos, plástica tamén...





# Premios

## Concello de Ouro

*Este ano anduvemos bastante apurados, xa vistes que non houbo tempo entre actividade e actividade, celebración e celebración, e aínda así presentamos traballos literarios a algunha que outra convocatoria, como no caso do Concello de Ouro, no que varios dos nosos contos foron premiados. Mágoa que non podamos ensinárvolos aquí*

## Consumo

*Gañamos tamén un Premio de Consumo por unha memoria do nosos traballos feitos en relación aos arbustos. Xa gañamos este premio noutras ocasións e sempre é agradable ver recompensado o traballo*



*“A trabe”-sía*



# COMPETICIÓNES deportivas



Este ano, como cada ano, participamos no Programa de Competición Deportiva en idade escolar con outros colexios da zona. Participamos todos os grupos de 2º e 3º Ciclo. Poñemos moito esforzo e pasámolo moi ben porque é unha oportunidade de facer amigos



E tamén coma neutros cursos, deixamos tambaleando o medalleiro en Atletismo. Esa é a recompensa a tantas horas de entrenamiento. Ah!, e saímos na prensa en varias ocasións



“A trabe”-sía

# Escolas Viaxeiras

Os alumnos de 5º de Primaria visitaron Andalucía

**Os alumnos e alumnas de 5º de Primaria, xunto co noso profesor Luís Ramallal, voltamos de terras andaluzas no mes de novembro, onde estivemos convivindo durante unha semana con outros compañeiros de dous colexios máis, un da Ríoxa e outro de Cataluña. Foi unha actividade do programa “Escolas Viaxeiras”**

**O obxectivo principal das Escolas Viaxeiras é o coñecemento dunha comunidade de España, compartindo as actividades cos outros colexios de diferentes comunidades**



**Durante o mes de novembro fímonos grazas a este programa a Andalucía. Pasámolo moi ben. Coñecemos moitísimos lugares da Comunidade**

**Andaluza.**

**Córdoba:**

**Comarca**

**das**

**Pedroches e os seus pobos como: Torrecampo, Pozoblanco (visita a industria alimentaria Covap, o Parque Natural de Cardena e Montoro (a fábrica de aceite e mel)**

**Cidade de Medina Azahara**

**Córdoba cidade: Real Alcázar, Catedral e Xiralda, Praza de España, paseos polos arredores do río Guadalquivir, barrio de Sta. Cruz e o parque de Mª Luísa**

**Outras actividades que tivemos foron:**

**-Visita a outro parque natural onde podemos ver o Embalse de Tejoneros, a aldea do Cerezo e o pobo de Azuel**

**”A trabe”-sía**

**S  
A  
I  
D  
A  
S**



- Actividades máis lúdicas: ginkana cultural e Festa das Comunidades, onde intercambiamos moitos regalos**
- Tamén tivemos tempo libre para comprar cousas para nós e**



**traelas como recordo das terras andaluzas**

**O aloxamento era nunha residencia escolar que se chamaba Miguel Careaga, que estaba un pouco alonxada de Córdoba**

**Viñemos moi cansos pero mereceu a pena. O mellor de todo foi a cantidade de amigos e amigas que fixemos alí  
Convivimos con eles, coñecemos as diferencias culturais e lingüísticas (linguas de dúas comunidades)**

**Descubrimos as montañas de S<sup>a</sup>Morena (o seu ecosistema e as especies animais e vexetais que hai), coñecementos que o noso profesor Antonio nos explicara facía pouco**

***”A trabe”-sía***

---

---


**Valoramos o patrimonio cultural de Córdoba e Sevilla, visitando algúns dos monumentos máis importantes..., así como os restos arqueolóxicos que outras culturas nos deixaron (árabe, xudía, cristianismo)**

**Que experiencias tivemos?**

**Foi unha viaxe moi bonita onde se fomentaba a convivencia e a tolerancia entre os diferentes grupos**

**Foi un curso acelerado para sobrevivir, sen papá e mamá. Aprendemos a ser máis autónomos á hora de recoller as cousas, facer a cama, facer as maletas, ducharnos..., cargar con maletas toda a viaxe, é dicir, facernos un pouco máis responsables das nosas cousas.**

**Ah!!! Moitas grazas Luís, por esta experiencia tan bonita que compartiches con nós e por ese cariño que nos dedicaches non só nesta viaxe, senón día a día como profesor**



Raquel Vázquez

Julia Peláez

5º Primaria



*"A trabe"-sía*





# PROXECTOS VALORA

*Temos un novo proxecto en marcha, do Plan Valora, chámase XOGAS?.*

*Esta vez o proxecto premiado é bianual e neste curso trata de xogos, de todo tipo: colaborativos, de interior, tradicionais, ... Aprendemos un montón deles e fomos recollendo o aprendido un caderno de xogo, e temos un circuíto na parte cuberta do patio, onde podemos xogar tamén nos recreos.*

*O curso que vén trata de varias cousas, dependendo do trimestre: fabricación de xoguetes, títeres e malabares. Non só aprenderemos a usalos, tamén a fabricalos. Ah!!, esquecíame, a final de curso todos os pais, nais e adultos que queiran virán a xogar con nós nunha xornada de portas abertas. Apúntaste?*



*"A trabe"-sía*



# Comenius

## Viaxe a Alemaña

*A nos, a viaxe a Alemana encantounos e tivemos moitas anécdotas, pero foron moitas horas de viaxe.*

*Aló quedámonos nun albergue e tiñamos que madrugar algo porque todas as comidas do día facíanse máis cedo, de feito ceábamos pouco máis das 7. As nenas quedamos en 2 habitación de 4 e os nenos nunha de 5, con literas, e cando chegábamos á habitación, antes de acostarnos, tiñamos*



*traballo marcado para recordar o máis importante do día.*

*Cada día tiñamos marcado un*

*horario de actividades programadas polos nosos compañeiros alemáns. Por certo, todos axudaban para*

*que saíra todo moi ben e estivéramos cómodos, por exemplo un grupo de nenas e nenos, Max por exemplo e un ex-*



*alumno do cole, Philippe, que nos levou con toda paciencia dun lado para outro.*

*O proxecto deste ano era sobre edificios relixiosos, e cada vez que tiñamos saída visitábamos unha igrexa. Son distintas ás que vemos por aquí, teñen balcóns, grandes ventanais, e órgano de tubos.*

*Nalgunhas fomos á torre das campás, noutras subimos á cúpula, como na da Nosa Señora en Dresden, era preciosa.*

*Fixemos actividades moi chulas, por exemplo, aprendemos a facer velas, mágoa que despois de tanto coidado, metade delas chegaron en anacos.*



6º Primaria

“A trabe”-sía



# Comenius en Viveiro

Tivemos hai pouco, a visita dun grupo de 4 nenos e nenas do noso centro socio en Polonia, xunto con tres das súas profes, e ademais, 2 profes do noso centro socio en Rumanía. Viñan por moi pouco tempo, polo que anduvemos á carreira intentando facer o máis posible durante a súa visita.

O primeiro día tocounos a nós, os de 6º, facer actividades con eles. Pola mañá, fixemos tazas decoradas con debuxos das igrexas de Sta. María e S. Francisco, que era un dos produtos deste curso.

Logo fomos ao Garoa dar un paseo pola costa para que a viran, e ata nos deixaron conducir o barco e nos deron un diploma de capitán.

O segundo día tocoulles aos de 5º facer unha actividade relacionada cos produtos, un vaso portavelas, simulando as vidrieiras das igrexas. Quedaron preciosos! Tamén tivemos a colaboración dun gaitero, e as nenas de 5º que sabían bailar ensináronlles uns punteos para a muiñeira.

O día da despedida, todos os que quixemos de 5º e 6º, trouxemos un postre elaborado por nós na casa, con axuda dun adulto, e montamos unha festa de despedida. Comida nos faltaba! E tanto que non sobrou, polo que invitamos a todo o cole a probalos ao día seguinte. Que bos estaban!

6º Primaria

## A trabe-sia





# “A trabe”-sía

## CRAFT MATERIALS:

4 pinch-style wooden clothespins  
glue  
felt  
googly eyes  
pom-pom  
markers  
pencil



1. To form the front end of the dog pinch open a clothespin and apply glue to the inner surface of the opened end. Then clamp the glued end onto a second clothespin, just behind the metal spring.
2. For the dog's tail end, glue and clamp together the last two clothespins so that one holds the other wide open. When the glue is dry, fit the opened end of the back half onto the lower end of the front half. Apply glue to bond the two sections.
3. From the felt, cut out floppy ears and circular paws. Then glue ears and paws, the googly eyes, and the pom-pom nose onto the dog.
4. Add spots or other distinguishing details with colored markers. Finally, pinch open the dog's mouth and insert a pencil, balancing its weight equally on both sides.

## CRAFT MATERIALS:

Clean plastic bottle  
Double-sided tape  
Yarn  
Scissors  
Wooden spoon  
Googly eyes, ribbon, beads, and tacky glue



1. Place 4 equally spaced strips of double-sided tape vertically up the sides of the bottle. Wrap double-sided tape horizontally around the bottom and top edges of the bottle and around any contours where the yarn might slip.
2. Attach one end of the yarn near the bottom edge of the bottle with a small piece of double-sided tape. Then, working from the bottom up, wrap the entire bottle with the yarn. Make your rows tight enough that you no longer see the plastic, but not so snug that the yarn is stretched thin.
3. To switch to a different color, simply knot the new shade to the old and snip off any dangling threads. Once the entire bottle is covered, tie off the yarn at the neck.
4. Draw facial features on the bowl of the spoon with paint, markers, or crayons. Decorate the rest of the doll any way you like. You might glue on yarn hair, tie on a pretty necklace, or add clothing, such as a doily skirt. Once you're finished, drop the handle of the spoon into the bottle.